



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acollida

Materia	Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acollida			
Código	O05M138V01103			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Mociño González, María Isabel			
Profesorado	Agrelo Costas, María Eulalia Mociño González, María Isabel			
Correo-e	imocino@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral				

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
C1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de describir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar			
C2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras			
C5	Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica			
C6	Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional			
C7	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade			
C8	Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado			
C10	Relacionar os contidos do mestrado coa experiencia persoal e con situacións educativas reais, mediante a utilización de narracións autobiográficas			
C12	Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade			
D2	Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios			
D3	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade			
D4	Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma, creativa e cooperativa, e promovelos nos estudantes dende a participación e o esforzo individual	D2 D4
Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional.	C6 C7
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación	C1
Analizar e saber aplicar recursos educativos para o ensino e aprendizaxe das linguas para inmigrantes.	C2
Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica	C5 C12
Coñecer, respectar e promover a diversidade lingüística e cultural de España e de Europa	C10 D3
Adquirir as habilidades básicas da metodoloxía do ensino e aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida.	C2 C8
Adquirir as diversas competencias comunicativas (orais e escritas) das linguas da sociedade de acollida.	C2
Saber expresarse en español e galego con fluidez e precisión e poder facer un uso flexible do devandito idioma para fins sociais, académicos e profesionais	C8

Contidos

Tema

1. Competencias comunicativas do colectivo de inmigrantes, nomeadamente do alumnado escolarizado.	1.1. Introducción á materia. 1.2. Avaliación do repertorio lingüístico do alumnado inmigrante.
2. O ensino e a aprendizaxe do galego e español para inmigrantes: consideracións sobre a adquisición da lingua galega e española por parte do alumnado inmigrante	2.1. Panorama xeral da inmigración en Galicia e España. 2.2. O alumnado inmigrante no sistema educativo. Medidas e liñas de actuación. 2.3. Factores que interveñen na aprendizaxe dunha lingua estranxeira. 2.4. Principios básicos na aprendizaxe da lingua galega e española para inmigrantes
3. O ensino e a aprendizaxe do galego e o español para inmigrantes: materiais e recursos didácticos en distintos soportes para a aprendizaxe da lingua galega e da lingua española.	3.1. Soporte dixital (páxinas web, blogs, multimedia...) 3.2. Soporte papel (manuais, dicionarios, cadernos...)
4. O compoñente socio-cultural.	7.1. Compoñente sociolingüístico 7.2. Cultura e civilización 7.3. Pragmática e linguas estranxeiras

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	9	30.5	39.5
Seminario	8	24	32
Cartafol/dossier	6	12	18
Lección maxistral	7	14	21
Eventos científicos	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Realización de actividades prácticas sobre as condicións e dificultades na adquisición das linguas
Seminario	Deseño e proposta de intervención enfocada á aplicación de diferentes metodoloxías acaídas aos contextos multiculturalais, afofando nos contidos teóricos da materia.
Cartafol/dossier	Elaboración dun dossier no que recollan recursos para o ensino aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida e se reflexione, de forma individual, sobre a adecuación dos recursos ás necesidades dos diferentes contextos.
Lección maxistral	Presentación teórica da materia, seguida de debate.
Eventos científicos	Asistencia e participación na actividade de módulo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O estudantado recibirá as orientacións pertinentes, así como as explicacións, materiais, recursos... que precise para afrontar as tarefas que se lle encomenden para esta metodoloxía.
Seminario	O estudantado recibirá as orientacións pertinentes, así como as explicacións, materiais, recursos... que precise para afrontar as tarefas que se lle encomenden para esta metodoloxía.

Cartafol/dossier	O estudiantado recibirá as orientacións pertinentes, así como as explicacións, materiais, recursos... que precise para afrontar as tarefas que se lle encomenden para esta metodoloxía.
Eventos científicos	O estudiantado recibirá as orientacións pertinentes, así como as explicacións, materiais, recursos... que precise para afrontar as tarefas que se lle encomenden para esta metodoloxía.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Traballo tutelado	Preparación de actividades, presentacións e posta en común na aula	30	C1 C2 C5 C6	D2 D3
Seminario	Deseño e proposta dunha intervención-acción para a aplicación de diferentes metodoloxías (gamificación, dramatización...) acaídas ás necesidades de contextos multiculturais nos que se promova o ensino-aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida	30	C1 C2 C5 C6 C7 C8 C10 C12	D2 D3 D4
Cartafol/dossier	Selección e análise crítica de recursos para o ensino-aprendizaxe de linguas, con adecuación ao contexto e ás necesidades do alumnado ao que se dirixen	30	C1 C2 C5 C6 C7 C8 C10 C12	D2 D3 D4
Eventos científicos	Asistencia e participación na actividade de módulo	10	C1 C2 C6 C7 C10 C12	D3 D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

As actividades non superadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas.

O estudiantado que por motivo xustifico non poida asistir a todas as sesións presenciais contará con actividades alternativas para recuperar cada unha delas. A avaliación continua require asistir polo menos ao 75% das clases.

O estudiantado que non supere a materia por avaliación continua terá unha/s proba/s de avaliación, ao redor dos contidos nucleares da materia, coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente.

Así mesmo o tipo de proba/s figurará/n en Moovi, nas respectivas materias, nunha carpeta baixo a denominación "Alumnado non asistente", na que se presentarán os detalles da/s mesma/s, concretando tamén onde terá que realizar a entrega o alumnado.

As datas dos exames oficiais poden consultarse na web do mestrado.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Montón Sales, M. J., **La integración del alumnado inmigrante en el centro escolar: orientaciones, propuestas y experiencias**, Graó, 2003

Mantovani, A; Morales, R., **Juegos para un taller de teatro. Más de 200 propuestas para expresar y comunicar**, Octaedro, 2021

Bibliografía Complementaria

Melero Abadía, P., **Métodos y enfoques en la enseñanza/aprendizaje del español como lengua extranjera**, Edelsa, 2000

Gómez del Estal Villarino, M., "La enseñanza de la gramática en el aula de español como L2 para el alumnado inmigrante", en I. Ballano (coord.). **I Jornada sobre Lenguas, Currículum y Alumnado Inmigrante**, pp. 83-94, Deusto, 2008

Bernaus, M., "Un nuevo paradigma en la didáctica de las lenguas", **Glosas Didácticas. Revista Electrónica Internacional**, nº 11, 2004

Consello de Europa, **Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación**, Xunta de Galicia, 2001

González Fernández, A., et alii, **Inmigración e escola**, Consellería de Educación e Ordenación Universitari, 2003

Cernadas Ríos, F. X., M. Lorenzo Moledo e M. Santos Rego, "O profesorado de educación infantil e primaria diante da inmigración e da educación intercultural", en **Revista Galega do Ensino**, nº 71, en <http://www.edu.xunta.gal/eduga/131/investigacion/o-profesora>, Xunta de Galicia, 2016

Pérez Magdalena, R., **A aprendizaxe da lingua galega no ensino non regrado de adultos**. Santiago, en http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2002_A-aprendizaxe-da-lingua-galega-no-ensino-non-regrado-de-adultos.pdf, Consello da Cultura Galega, 2002

Rodríguez Lestegás, F., "Inmigración e escola en Galicia: Educar xeograficamente, educar interculturalmente", en **Innovación Educativa**, n.º 15, 21-44, en https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/4406/pg_023-046_inn, Universidade de Santiago de Compostela, 2005

Nogués Bruno, M.; Calvo Valios, V., **El libro de no ficción como vehículo intercultural y educativo: análisis de El libro de los saludos**, **Didáctica. Lengua y Literatura**, 35, 43-54, 2023

Guadamillas-Gómez, M. V., . **Interculturalidad en el aula AICLE a través de los álbumes ilustrados sobre migrantes**. **Ocnos. Revista de Estudios sobre lectura**, 19 (2), 29-41. DOI:10.18239/ocnos_2020.19.2.2255, 2020

Martínez-León P., Ballester-Roca J. e Ibarra-Rius N., **Identidades fronterizas y pertenencias plurales: diversidad e interculturalidad a través de la educación literaria**. **Didáctica. Lengua y Literatura**, 29, 155-172. <https://doi.org/10.5209/DIDA.57135>, 2017

Rodrigues Magalhães, M.H., **A Literatura para a Infância, a formação do Leitor Crítico e a Educação Intercultural**. **Alabe. Revista de Investigación sobre Lectura y Escritura**, 23. <https://doi.org/10.15645/Alabe2021.23.3>, 2021

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).